

REXISTRO XERAL DA VALEDORA DO POBO
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data: 26/11/2020 13:52:11
SAIDA 14870/20




Reclamante: 


Expediente. Nº **RSCTG 111/2020**

Correo electrónico: 

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

Vista a reclamación presentada por  presentada con data do 16 de outubro de 2020, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 24 de novembro de 2020, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Único.  presentou, con data do 16 de outubro de 2020, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na que solicita amparo á Comisión da Transparencia ante a falla de contestación á súa solicitude formulada na súa condición de concelleira con data do 28 de agosto de 2020, sobre información e documentación referida a plans, programas e/ou actuacións en materia de seguridade e saúde do persoal funcionario e laboral do Concello de Sarria.

A interesada comunica que na súa condición de concelleira e portavoz dun grupo municipal do Concello de Sarria e ao amparo do disposto no art. 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 14 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, solicitou mediante escrito dirixido ao Sr. Alcalde-Presidente copia ou acceso á referida documentación



FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

A interesada, na súa condición de edil e portavoz dun grupo municipal da Corporación Local de Sarria presenta reclamación ante a Comisión da Transparencia de Galicia por non ter obtido contestación á súa solicitude de obtención de copia sobre información e documentación referida a plans, programas e/ou actuacións en materia de seguridade e saúde do persoal funcionario e laboral do Concello de Sarria formulada con data do 29 de agosto de 2020.

A súa solicitude presentouna ao amparo do disposto no art. 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 14 e seguintes do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Antes da entrada en vigor da Lei 19/2013 existían xa normas que, en determinados ámbitos, regulaban o dereito de acceso á información, entre a que se poden atopar a referente ao acceso á información por parte dos cargos representativos locais no exercicio da súa función. Como dereito fundamental no exercicio dunha función representativa (artigo 23 da Constitución Española), este dereito é desenvolvido na Lei 7/1985 e no o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais. A referida normativa, reconece o dereito dos membros das corporacións locais de obter do Alcalde ou Presidente ou da Xunta de Goberno canta información ou documentación se atope en poder da entidade local que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións representativas e establece ademais o procedemento para a súa obtención, o sentido do silencio, e o deber de gardar reserva en relación coa información obtida.

Así mesmo, o acceso á información por parte dos membros das corporacións teñen dúas vías de protección ordinaria -o recurso potestativo de reposición e o recurso contencioso-administrativo-, ademais de garantías adicionais como son o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa regulado pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

A determinación do réxime xurídico aplicable á solicitude de referencia resulta indispensable a fin de garantir a seguridade xurídica e evitar calquera confusión no uso das distintas vías de acceso á información de que dispoñen os cargos representativos locais. Ambas as vías, malia compartir un vínculo común dentro do estado democrático consagrado na nosa Constitución Española, obedecen a lóxicas e orzamentos distintos. A vía de acceso á información contemplada na lexislación de réxime local enmárcase no ámbito do control político derivado

do principio representativo mediante o xogo dos principios de transparencia, rendición de contas e responsabilidade dos poderes públicos no exercicio das súas funcións.

O acceso á información regulado na normativa de Transparencia configúrase como un dereito en virtude do cal os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as institucións, a fin de someter a escrutinio cidadán aos responsables públicos, formar e construír un coñecemento cabal e completo dos asuntos públicos que lles permita formar unha opinión e participar no xogo político a través da súa intervención nos procesos electorais.

Cada unha destas vías dispoñen dun réxime xurídico completo e acabado caracterizado pola regulación dun procedemento de exercicio do dereito de acceso –solicitud, prazos, formalización do acceso, etc-. e a previsión de diferentes técnicas para garantir o exercicio do dereito de acceso que incorporan –garantías procesuais e xurisdicionais-.

Deste xeito, considérase que non resulta posible acudir pola solicitante, que formulou a súa petición na súa condición de concelleira, á técnica do “espigueo” consistente en seleccionar as normas máis favorables de distintos corpos normativos para dotarse, así, dun réxime xurídico ad hoc e desvinculado das canles legalmente establecidas para a creación dun dereito.

No presente caso, a solicitud de acceso á información faise en condición de concelleira da solicitante, polo que de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, que establece que se rexerán pola súa normativa específica aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información, non cabe senón inadmitir a reclamación presentada.

ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a falla de contestación á súa solicitud formulada na súa condición de concelleira, sobre información e documentación referida a plans, programas e/ou actuacións en materia de seguridade e saúde do persoal funcionario e laboral do Concello de Sarria.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto



(+34) 981 56 97 40



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



info@comisiondatransparencia.gal



www.comisiondatransparencia.gal

no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

Firmado digitalmente por 76706870F MARIA

DOLORES FERNANDEZ (R: S6500009C)

Fecha: 2020.11.26 08:44:55 +01'00'

María Dolores Fernández Galiño

Presidenta da Comisión da Transparencia